

Lei 11/1984, do 11 de decembro, relativa ós traballos de dotación artística en edificios e construcións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 309, do 16.7.1984.

Emendas, BOPG núm. 331, do 5.10.1984.

Debate de totalidade, DSPG núm. 88, do 16.10.1984.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 345, do 28.11.1984.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 348, do 7.12.1984.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 348, do 7.12.1984.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 95, do 11.12.1984.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 353, do 17.12.1984.

Diario Oficial de Galicia núm. 19, do 26.1.1985.

Boletín Oficial del Estado núm. 139, do 11.6.1985.

Lei 11/1984, do 11 de decembro, relativa ós traballos de dotación artística en edificios e construcións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia

Pola Lei 13/1988, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para 1989, foron modificados os apartados 1 e 2 do artigo 2.

Esta lei foi derogada pola Lei 12/1991, de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia.

As obras públicas poden ser unha canle eficaz para a humanización do medio ambiente. Un medio natural como o galego, de profundas resonancias espirituais, culturais e estéticas, precisa dun esforzo colectivo para mantelo ou embelecelo axeitadamente. O esforzo do home debe ser de respecto e de absoluta comprensión do medio e das súas relacións coa cultura.

Correspóndelles ós poderes públicos facer un esforzo especial que sirva de exemplo e que, ó mesmo tempo, sexa un instrumento de promoción dos valores humanos e culturais, de acordo coa Constitución Española e co Estatuto de Autonomía de Galicia.

A Administración Pública galega ten, pois, un ancho campo de responsabilidade na promoción dos valores e dos artistas en xeral, e dos galegos en particular. Ó carón das medidas típicas de

fomento, como subvencións, axudas, actividades diversas, pódense poñer en práctica medidas imaxinativas, sobre todo baseadas na participación dos grupos e das persoas afectadas. A colaboración, por exemplo, entre os poderes públicos e os artistas na realización de obras públicas pode dar fecundos resultados. Velaí o obxecto desta Lei, na que se trata de integra-la Enxeñería, Arquitectura e outras manifestacións artísticas, e ofrecéndoselles ós artistas contemporáneos a ocasión de se expresaren, posibilitando deste xeito a normalización cultural de Galicia e a recuperación da práctica integradora das artes. A correspondencia entre as artes e a técnica abre unha canle de moitas posibilidades creadoras que convén alentar e axudar con pulos. O principio de unidade do proxecto é o punto clave para acadala integración dos elementos a profundas finalidades culturais e de fondo sentido humano.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei relativa ós traballos de dotación artística en edificios e construcións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 1

1. Os proxectos técnicos de obras que se acometan pola Xunta de Galicia, ou por calquera entidade pública, no territorio da Comunidade Autónoma Galega, financiados total ou parcialmente con fondos procedentes directa ou indirectamente dos Presupostos da devandita Comunidade, deben comprender traballos artísticos de decoración, embelecemento, dotación de obras de arte ou restauración destas. O seu conxunto financiarase na forma que determina a presente Lei.

2. A mesma previsión figurará nos proxectos técnicos das obras públicas que se executen dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia dunha concesión administrativa.

3. Exceptúanse desta obriga os proxectos de obras que por esencia e concepto sexan de seus integradores de manifestacións artísticas ou culturais, así como os relativos ás liñas de condución e distribución subterráneas ou tendidos

aéreos de servicios como augas, gas, electricidade, comunicacións telefónicas ou saneamentos e os que lle afecten á Defensa Nacional.

4. Cando as obras que se van executar consistan na construción de edificios, os traballos artísticos terán por obxecto a súa decoración, interna ou externa, con representación plástica que tendan ó seu embelecemento e a fomentar a creación e difusión artístico-cultural de Galicia.

Nas demais obras os traballos consistirán na restitución do entorno, o acondicionamento de espazos, así como o ornato das mesmas, e das paraxes e os núcleos de poboación que poidan resultar afectados, especialmente no que se refire á defensa das manifestacións da arquitectura popular galega ou o entorno onde se encontren vestixios arqueolóxicos, tendo en conta para a execución criterios estritamente artísticos, paisaxísticos e ambientais.

Artigo 2

1. Á realización dos traballos ou dotacións a que se refire o artigo anterior destinarase o 1% do presuposto da obra, cando este exceda de dez millóns de pesetas.⁽¹⁾

(1) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 1 do artigo 2 foi modificado pola disposición adicional décimo segunda da Lei 13/1988.

2. Nos supostos en que o presuposto oscile entre cinco e dez millóns de pesetas, a cantidade destinada ós devanditos fins será de cen mil pesetas.⁽²⁾

3. Tódalas obras que non superen un presuposto de cinco millóns de pesetas, estarán exentas da obriga de realizar traballos artísticos de decoración.

Artigo 3

Os proxectos deberán indicalo tipo, natureza e emprazamento dos traballos artísticos ou dotacións de obras de arte que se prevén integrar na obra.

Artigo 4

A Xunta de Galicia determinará por Decreto a composición e funcionamento dunha Comisión que propoñerá ós titulares das entidades que teñan de ordena-la execución do proxecto, o artista ou artistas que haxan de realiza-las obras ás que se refire o artigo 1. Nesta Comisión figurará, entre outros, un representante do Consello Galego da Cultura e, en cada caso, o técnico autor do proxecto.

Cando o presuposto da obra exceda de douscentos cincuenta millóns, abriase pola entidade, organismo ou persoa adxudicante un concurso de ideas a efectos de

selección do tema artístico ou dotacional, e do artista que o desenvolverá. Se a obra fose estimada pola Comisión como de urxente execución, ou nela concorresen circunstancias especiais que a propia Comisión dictamine, poderá face-la adxudicación conforme o procedemento ordinario, eximíndoa do concurso de ideas. Igualmente queda autorizada a Comisión para a adxudicación directa do traballo artístico ou dotacional se o devandito concurso fose declarado deserto. A contía dos proxectos técnicos de obras será unitaria, aínda que a súa execución estea presupostada en distintas fases.

Artigo 5

Nos traballos a que se refire o artigo primeiro teranse en conta a creatividade, a calidade, o respecto ás peculiaridades estéticas do medio e a promoción dos valores e dos artistas galegos nun marco de libre concorrencia e igual participación.

Disposición transitoria

A Xunta de Galicia regulará no prazo de dous meses, desde a entrada en vigor desta Lei, a composición e funcionamento da Comisión á que se refire o artigo 4.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 1984

Gerardo Fernández Albor
Presidente

(2) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 2 do artigo 2 foi modificado pola disposición adicional décimo segunda da Lei 13/1988.